

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O PARLAMENTO DE GALICIA, A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A CONSELLERÍA DO MAR PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA "CONSERVA O IMPORTANTE" DE CARA Á XESTIÓN E FINANCIAMENTO DA PROVISIÓN E REPARTICIÓN DE ALIMENTOS DESTINADOS ÁS PERSOAS EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE AGRAVADA A RAÍZ DA COVID-19

En Vigo, o 17 de decembro de 2021

REUNIDOS

Don Miguel Ángel Santalices Vieira, na súa condición de Presidente do Parlamento de Galicia, actuando ao abeiro das facultades que lle confire o artigo 31.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia do 1 de setembro de 1983 modificado o 6 de agosto de 2015, e segundo o acordo do Pleno do Parlamento de Galicia, relativo á elección dos membros da Mesa (DOG número 159, do 7 de agosto de 2020).

Dona Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do disposto no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia, e segundo o Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia.

Dona Rosa María Quintana Carballo, conselleira do Mar, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do disposto no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia, e segundo o Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia.

Todas as partes recoñecen a súa competencia e capacidade legal necesaria para o outorgamento deste convenio e para estes efectos




EXPOÑEN

I. A pandemia internacional ocasionada polo coronavirus SARS-CoV-2 (covid-19) provocou unha importante emerxencia sanitaria, económica e social sen precedentes a nivel mundial que a súa vez levou ás distintas administracións, organismos e institucións, nacionais e internacionais, a adoptar medidas orientadas a reforzar o sistema sanitario e a impulsar programas de axudas para a recuperación da economía e fortalecemento cara á súa adaptación, co obxectivo de contrarrestar os efectos negativos que a paralización da actividade económica desencadeou para as persoas, as familias e as empresas.

II. Tanto os sistemas asistenciais autonómicos e locais como as medidas complementarias adoptadas polas distintas administracións tras a declaración da pandemia, tentan dar resposta ás necesidades das persoas máis golpeadas polos seus efectos, pero todos os esforzos non abundan para paliar a grave situación daquelas persoas ás que xa a pasada crise económica deixara en situación de vulnerabilidade e aquelas outras sometidas a factores de exclusión engadidos, como o baixo nivel de estudos, o desemprego ou a circunstancia de fogares formados por un adulto con dependentes a cargo, e así o reflicte a última Enquisa de Condicións de Vida publicada polo INE o pasado mes de xullo.

III. O 20 de outubro de 2020, con motivo do Día Internacional para a Erradicación da Pobreza, o Parlamento de Galicia reiterou o seu compromiso coa necesidade de seguir avanzando na loita contra a pobreza e a exclusión social. Os deputados e deputadas da Cámara son conscientes de que os impactos socioeconómicos da crise sanitaria da covid-19 están a intensificar a vulnerabilidade daquelas persoas que xa se atopaban nesta situación con anterioridade á pandemia, persoas e familias cos ingresos máis baixos, con traballos precarios e baixa intensidade laboral e con outros factores de risco, mais tamén que as circunstancias sobrevidas están a levar a unha situación de grave risco de pobreza a persoas que non o sufriran ata o momento.

IV. Desde o comezo da pandemia as entidades de iniciativa social, nomeadamente aquelas que prestan o servizo de cobertura alimentaria, como comedores sociais, cocinas económicas e bancos de alimentos, acusan o aumento de persoas beneficiarias dos seus servizos, sen previsión de




melloría a curto prazo reclaman máis axudas que lles permitan dar resposta ás necesidades das persoas usuarias e ás circunstancias que se ven obrigadas a adoptar para manter a seguridade sanitaria destas, dos traballadores e traballadoras e do persoal voluntario das entidades.

V. O Parlamento de Galicia sensibilizado coa agravada situación que sofren as persoas vulnerables, quere continuar apoiando o traballo que desde todas as administracións e nomeadamente desde a Xunta de Galicia se está a desenvolver. Conscientes da grandísima labor social que desenvolven as entidades prestadoras do servizo de cobertura alimentaria, o Parlamento e a Xunta de Galicia a través das consellerías de Política Social e do Mar, suman os seus esforzos para facelas beneficiarias do programa "Conserva o Importante" en beneficio da poboación máis vulnerable.

VI. "Conserva o Importante" procura a provisión e repartición de conservas de peixe, por representar un dos alimentos máis completos para unha dieta saudable. As conservas de peixe, nestes tempos onde a pobreza enerxética é unha lousa máis nos fogares da poboación máis desfavorecida, permite o consumo de produtos de calidade, naturais, frescos e sans en condicións óptimas, sen necesidade de refrixeración nin de cocción. Ademais o formato de conserva de peixe, supón para as entidades que prestan o servizo de cobertura alimentaria unha vantaxe lóxística, na que é un factor determinante a propiedade de produto non perecedeiro, que ademais de non ter data de caducidade, posúe unha data de consumo preferente moi ampla, que varía entre 5 ou 6 anos.

VII. A Consellería do Mar asinou o 13 de xaneiro de 2021 un convenio de colaboración coa Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas de Peixes e Mariscos ANFACO-CECOPESCA para a promoción e a mellora da comercialización das conservas de produtos pesqueiros no ano 2021. O obxectivo desta colaboración é contribuír á competitividade e sustentabilidade do sector conserveiro de produtos do mar tendo en conta a situación actual marcada pola pandemia da covid-19 e tamén apoiar ao sector da hostalaría, un dos principais afectados.

A raíz da introdución da correspondente addenda ao devandito convenio entre a Consellería do Mar da Xunta de Galicia e ANFACO-CECOPESCA no ano 2021, na acción específica 7, "Unha Lata solidaria", artículase a posibilidade de optimizar coa



colaboración desta Asociación, no marco dun convenio en vigor, os fondos destinados ao programa "Conserva o Importante".

ANFACO-CECOPESCA é a única asociación empresarial sen ánimo de lucro do sector conserveiro de produtos da pesca e da acuicultura con sede en Galicia e representa de forma fundamental ao 66 % das empresas no eido da conserva de peixes e mariscos da comunidade autónoma galega. Sita no Campus da Universidade de Vigo, ANFACO-CECOPESCA representa a preto de 150 empresas que empregan de forma directa a máis de 15.600 traballadores.

É polo tanto ANFACO-CECOPESCA, a asociación do sector conserveiro máis indicada e mellor capacitada para axudar á Consellería do Mar na mediación coas empresas que poden subministrar conservas aos bancos de alimentos dentro do programa "Conserva o Importante" en beneficio da poboación máis vulnerable.

En virtude do exposto, as partes intervenientes, desde o seu respectivo ámbito natural de competencias e segundo están representadas, establecen o presente convenio de colaboración que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS


Primeira. Obxecto e finalidade da colaboración

O obxecto da colaboración entre o Parlamento de Galicia, a Consellería de Política Social e a Consellería do Mar é a organización dun sistema que permita o financiamento e xestión da provisión e distribución de alimentos consistentes en conservas de peixes, destinados ás persoas en situación de vulnerabilidade agravada a raíz da covid-19, a través de entidades de iniciativa social. Este programa levará por título "Conserva o Importante".

Esta colaboración ten como finalidade continuar a cooperación coas entidades de iniciativa social que realizan actuacións dos servizos de cobertura de necesidades de alimento dotándoas dos medios para dispor de conservas de peixes, a través dos bancos de alimentos.

Segunda. Suxeitos da provisión

As estipulacións deste convenio vinculan o Parlamento de Galicia a Consellería de Política Social e a Consellería do Mar de cara á articulación dun réxime de concesión de axudas



a entidades de carácter social non lucrativas, concretamente bancos de alimentos.

Os bancos adxudicatarios das axudas encargaranse, de acordo coa súa natureza, de repartilas entre outras entidades de iniciativa social, nomeadamente aquelas que prestan o servizo de cobertura da necesidade de alimento.

Os expedientes das subvencións resultantes rexeranse polo estipulado na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da lei.


Para tales efectos, as entidades sociais beneficiarias terán que cumprir os seguintes requisitos:

- a) Estar inscritas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais, regulado polo Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia. Así mesmo, acreditarán aqueles datos que puidesen non estar actualizados no mencionado rexistro (estatutos, CIF, apoderamento do representante e NIF) ou que sexan precisos para a súa participación.
- b) Carecer de ánimo de lucro.
- c) Ter o seu domicilio social en Galicia ou delegación na Comunidade Autónoma.
- d) Non encontrarse en ningunha das situacións de prohibición establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. A acreditación de non estar incursas nas ditas circunstancias realizarase mediante declaración responsable da persoa representante da entidade.

Terceira. Compromisos das partes

A Consellería de Política Social asume o compromiso de realizar as seguintes actuacións:

1. Difundir entre os bancos de alimentos a información relativa ás axudas que constitúen a finalidade deste convenio, solicitando a súa participación.
2. Identificar as entidades previsibles de ser beneficiarias do Programa e requirir a información pertinente para a estimación de necesidades de abastecemento para cada entidade no marco deste Programa.



- 
3. Elaborar e trasladar á Consellería do Mar un documento de proposta de necesidades, para cada unha das entidades, o documento incluírá os seguintes datos:
- a. Nome da entidade
 - b. CIF
 - c. Número de inscrición no RUEPSS
 - d. Enderezo social
 - e. Enderezo onde debe realizarse a entrega dos produtos se é distinto do sinalado no punto anterior.
 - f. Datos do/da representante: nome, NIF enderezo postal e electrónico (a efectos de notificacións)
 - g. Datos de contacto (persoa de contacto, correo electrónico e teléfono)
 - h. Cuantificación das necesidades a cubrir por cada entidade.
4. Cofinanciar este programa nos termos da cláusula cuarta.
5. Publicitar o cofinanciamento.
6. Tomar coñecemento da dación en conta da execución do programa "Conserva o Importante" por parte do Parlamento de Galicia.



A Consellería do Mar asume o compromiso de realizar as seguintes actuacións:

1. Pedir a ANFACO-CECOPESCA a oferta de produtos de conservas identificadas pola Consellería de Política Social para as entidades sociais.
2. Requirir de ANFACO-CECOPESCA os orzamentos individualizados en base á proposta de subministración para cada unha das entidades identificadas pola Consellería de Política Social coas especificacións detalladas dos produtos: variedade de peixe, tipo de conserva, peso, formato de envasado, etc., que permita ás entidades beneficiarias prestar aos seus usuarios un servizo máis eficiente.

Os orzamentos deberán incluír os gastos derivados da entrega dos produtos na sede ou almacén que designe cada entidade beneficiaria, condición que se sinalará expresamente en cada presuposto.

A selección de provedores farase dándolle prioridade á oferta económica máis vantaxosa, de forma que se poidan optimizar mellor os fondos destinados a programa e así chegar ao maior número de persoas vulnerables. No caso de ofertas de igual contía atenderase en segundo lugar a criterios de proximidade xeográfica ao



lugar da entrega contribuíndo á redución dos custos do transporte, á redución da pegada de carbono e acorde cunha política respectuosa co medio ambiente.

O importe de compra para cada provedor deberá ser inferior a quince mil euros (15.000,00€), IVE excluído.

3. Elaborar o informe-proposta de concesión da subvención a percibir por cada entidade social, e remitilo ao Parlamento de Galicia.


O documento incluírá os datos seguintes:

- a. Nome da entidade
- b. CIF
- c. Número de inscrición no RUEPSS
- d. Enderezo social
- e. Enderezo onde debe realizarse a entrega dos produtos se é distinto do sinalado no punto anterior
- f. Datos do/da representante: nome, NIF enderezo postal e correo electrónico (a efectos de notificacións)
- g. Datos de contacto (persoa de contacto, correo electrónico e teléfono)
- h. Produto e contía que se subministrará
- i. Provedor (nome social, CIF/NIF e contacto)
- j. Importe total, incluídos os gastos de transporte e entrega

4. Tras a resolución de aprobación das concesións da Presidencia do Parlamento, a Consellería do Mar comunicará a ANFACO -CECOPESCA a empresa seleccionada para cada una das entidades beneficiarias aos efectos de que se lle dea orde de subministración.
5. Recollerá os xustificantes de cada unha das entregas que será requiridos por ANFACO - CECOPESCA.
6. Cofinanciar este programa nos termos da cláusula cuarta.
7. Publicitar o cofinanciamento.
8. Tomar coñecemento da dación en conta da execución do Programa por parte do Parlamento de Galicia.

Pola súa parte, o Parlamento de Galicia asume o compromiso de:

1. Recibido informe-proposta de subvención da Consellería do Mar, recadar das entidades beneficiarias a documentación segundo a cal acrediten cumprir os requisitos detallados na cláusula segunda.
2. A Presidencia do Parlamento resolverá sobre as propostas de concesión de subvencións facilitadas pola



PARLAMENTO
DE GALICIA
PRESIDENCIA






PARLAMENTO
DE GALICIA
PRESIDENCIA



- Consellería do Mar e comunicará dita resolución á Consellería do Mar e á Consellería de Política Social.
3. Notificar os termos da concesión ás entidades de carácter social, para o seu coñecemento e publicidade por parte destas nos medios de difusión (xornais, canais tv, páxina web, redes sociais, taboleiros, etc.), coa obriga legal de destinar as subministracións subvencionadas á finalidade deste convenio, así como o cumprimento doutras obrigas legais que procedan.
 4. Cofinanciar este programa nos termos da cláusula cuarta e xestionalo economicamente co cofinanciamento da Consellería de Política Social e a Consellería do Mar.
 5. Recadar das entidades beneficiarias as facturas que ao nome destas expediron os provedores, xunto coa documentación xustificativa da subvención:
 - a. Declaración de non concorrencia en ningunha das circunstancias que impidan a entidade obter a condición de beneficiaria de subvencións públicas previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións nin no artigo 10 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.
 - b. Declaración de que a entidade está ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
 - c. Declaración de que a entidade destinou as subministracións subvencionadas a cobertura de necesidades de alimentos de persoas en situación de vulnerabilidade agravada a raíz da COVID-19.
 - d. Declaración de que a entidade cumpriu co requisito de dar publicidade das subvencións recibidas por este convenio.
 - e. Certificado de recepción das subministracións subvencionadas en perfecto estado.
 6. Aboar ás empresas subministradoras a factura dos produtos emitida ao nome das entidades sociais, para o cal o Parlamento requirirá a cada provedor o certificado da conta bancaria da súa titularidade en que facelo efectivo.
 7. Publicitar o cofinanciamento.
 8. Dar conta ás consellerías de Política Social e do Mar da execución do programa en canto remate o pagamento comprometido e xustificado.

Cuarta. Réxime económico

O compromiso económico do Parlamento de Galicia derivado do presente convenio é de vinte mil euros (20.000,00€), con cargo á partida orzamentaria 01.01.111B.481.02, denominada



'Subvencións a entidades de carácter social', do estado de gastos do exercicio 2021.

As obrigas de organización e didáctica asumidas polo Parlamento de Galicia neste convenio serán imputables aos gastos xerais previstos nos seus orzamentos.

O compromiso económico da Consellería de Política Social é de vinte mil euros (20 000,00€), con cargo á aplicación orzamentaria 13.03.312A.481.3 (código de proxecto 2015.00485).

PARLAMENTO DE GALICIA PRESIDENTE
O compromiso económico da Consellería do Mar é de vinte mil euros (20 000,00€), con cargo á aplicación orzamentaria 15.02.723B.221.05 (código de proxecto 2016 00286).

Para estes efectos, o presente acordo será remitido á Dirección Xeral de Planificación e Orzamento, xunto coa documentación pertinente, para que se leve a cabo a modificación de crédito na aplicación orzamentaria do Parlamento de Galicia que figura nos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma, coa baixa correspondentes nas aplicacións da Consellería de Política Social e a Consellería do Mar. Esta modificación efectuarase a instancia da Secretaria Xeral de cada consellería que ordenará a realización dos correspondentes apuntes contables.

A dotación será librada en firme ao Parlamento como transferencia de financiamento unha vez recibida a documentación xustificativa da execución e pagamento do programa polo Parlamento de Galicia.

Quinta. Comisión paritaria de seguimento

Como mecanismo de coordinación para o adecuado desenvolvemento das actuacións previstas constituirase, reuníndose sempre que sexa necesario, unha comisión integrada por unha persoa en representación do Parlamento de Galicia e dúas persoas en representación da Xunta de Galicia nomeada unha pola Consellería de Política Social e a outra pola Consellería do Mar. Poderán asistir outros membros, sen voz e sen voto, a petición de cada unha das partes.



A comisión considerarase o mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio, para os efectos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Sexta. Prazo de vixencia, modificacións e causas de resolución

Este convenio de colaboración estará vixente dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2021, sen prexuízo das responsabilidades adquiridas durante o tempo de vixencia do convenio.

As partes poderán modificar os termos deste convenio de acordo mutuo. Mediante addenda achegarase as modificacións sobre o seu contido acordado polas partes.

Son causa de resolución deste convenio as seguintes:

- a) Mutuo acordo das partes manifestado por escrito.
- b) Denuncia feita por calquera das partes, formulada por causas xustificables.
- c) Incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por calquera das partes dos acordos do convenio.

A parte incumpridora non terá que indemnizar economicamente a outra parte por incumprimento das obrigas do convenio ou a súa extinción, sen prexuízo da súa responsabilidade fronte a terceiros.

As controversias a que poidan dan lugar a aplicación e interpretación deste convenio serán resoltas pola comisión de seguimento prevista na cláusula quinta. En defecto de tal resolución, a orde xurisdiccional contencioso-administrativa será a competente para coñecer das controversias que se susciten na execución do convenio.

Sétima. Difusión da colaboración das partes

O asinamento deste convenio supón o consentimento expreso de ambas as partes para faceren públicos, a través dos distintos soportes de comunicación e difusión que procedan, os datos referidos ao seu contido, de conformidade coa normativa sobre transparencia e boas prácticas que sexa de aplicación a cada unha delas.



Oitava. Natureza xurídica

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa, rexéndose os seus efectos polo establecido nas súas cláusulas e aplicando a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Novena. Protección de datos de carácter persoal

En aplicación deste convenio, respectaranse cantas exixencias establece o Regulamento UE 679/2016, xeral de protección de datos, e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos e a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados, resultando aplicables todos os dereitos e obrigas derivados desta normativa.


Décima. Transparencia e bo goberno

O convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

As partes asinantes consenten na publicación dos seus datos persoais no Portal de Transparencia e Bo Goberno da Xunta de Galicia, así como no Portal de Transparencia do Parlamento de Galicia.

En proba de conformidade, as partes implicadas subscriben este convenio de colaboración por triplicado e para un só efecto no lugar e data indicados no encabezamento.

Conselleira de Política
Social



Fabiola García Martínez

Presidente do Parlamento
de Galicia



PARLAMENTO
DE GALICIA
PRESIDENCIA

Miguel Ángel Santalices
Vieira

Conselleira do Mar



Rosa Mª Quintana
Carballo